

Bo día valleinclaneiros e valleinclaneiras...

Agardo que moitos de vós me botarades de menos... canto tempo sen vernos entre os libros!

Para aqueles que non me coñezades, o meu nome é **Charli** e son o moucho máis sabio deste recuncho de Oleiros. Por iso, teño encomendada a misión de custodiar a biblioteca do voso centro.

Quería contarvos que levo uns días un tanto tristón. Veredes, a un moucho tan curioso coma mín, gústalle sobrevoar os ceos para descubrir aquilo que está a suceder polo mundo adiante.

Nalgunhas destas viaxes decateime de que cada vez hai máis catástrofes naturais. Puiden ver glaciares que se derreten, especies animais e vexetais que desaparecen, volcáns que entran en erupción, a contaminación das grandes cidades... Todo isto deixoume moi preocupado xa que penso que a Terra precisa da axuda de todos e todas para estar ben. Por iso, ocorréuseme a gran idea de que ao longo deste curso traballemos un **proxecto común polo planeta**, que vos parece? Poderíamos chamalo:



**coida o planeta, cóidate ti!**

Podemos facelo así: todos os meses plantexareivos dende a biblioteca un reto diferente. Estas probas terán sempre o obxectivo de mellorar os nosos hábitos e costumes persoais para así lograr acabar con todos os males que afectan ao planeta.

Sabendo todo isto... **estades dispostos e dispostas a convertervos en auténticos axentes polo coidado do medioambiente?**

PD; por se con todo isto non vos convencín, adxunto unha serie de imaxes que dan proba de todas as catástrofes que puiden ver na miña viaxe aérea.



